



Entre a memoria e a confrontación histórica: sobre o modo de reconstrución do pasado recente en tres novelas galegas actuais

Diego Rivadulla Costa
(Universidade da Coruña)

diego.rivadulla@udc.gal

Resumen: En el contexto del conocido como “boom de la memoria” producido a comienzos del siglo XXI, encontramos en el sistema literario gallego una ingente producción de obras narrativas que siguen el camino de la reconstrucción del pasado reciente de la guerra civil y el franquismo a través de los diversos mecanismos narratológicos que la novela permite. Buena parte de los escritores que optan por tematizar el franquismo como pilar central de sus producciones focalizan principalmente aspectos como la represión y la resistencia durante la dictadura y, mediante el uso de procedimientos metaficticiales, reconstruyen ese turbulento pasado desde el momento actual, haciendo esto explícito en la propia narración, de modo que en ella convivan dos planos temporales: el actual y el de la época franquista. Nos acercaremos aquí a tres de estas novelas (*O tempo en ningunha parte* (2003) de Xosé Manuel Martínez Oca, *Era por setembro* (2004) de Xabier Quiroga y *Non hai noite tan longa* (2011) de Agustín Fernández Paz) para analizar a través de qué mecanismos se construyen esos relatos y para profundizar en las confluencias y divergencias que presentan los modos de reconstrucción del franquismo en la narrativa gallega actual.

Palabras clave: memoria, Galicia, novela.

Resumo: No contexto do coñecido como “boom da memoria” producido a comezos do século XXI, atopamos no sistema literario galego unha inxente produción de obras narrativas que seguen o camiño da reconstrución do pasado recente da guerra civil e o franquismo a través dos diversos mecanismos narratolóxicos que a novela permite. Boa parte dos escritores que optan por tratar o franquismo como o pilar central das súas producións céntranse, principalmente, en aspectos como a represión e a resistencia durante a ditadura. Mediante o uso de procedementos metaficticiais, reconstrúen ese turbulento pasado desde o momento actual, e fan isto explícito na propia narración, de modo que nela convivan dous planos temporais: o actual e o da época franquista. Achegarémonos aquí a tres destas novelas (*O tempo en ningunha parte* [2003] de Xosé Manuel Martínez Oca, *Era por setembro* [2004] de Xabier Quiroga e *Non hai noite tan longa* [2011] de Agustín Fernández Paz) para analizarmos a través de que mecanismos se constrúen eses relatos e para afondarmos nas confluencias e diverxencias que presentan os modos de reconstrución do franquismo na narrativa galega actual.

Palabras chave: memoria, Galicia, novela.

Abstract: In the context of the “memory boom” at the beginning of the twenty-first century, a considerable number of Galician narratives look back on the recent past, recreating the period of the Spanish Civil War and Franco’s regime through the intrinsic narratological features of the novel. Most of the writers that reflect the Franco years as the pillar of their texts mainly emphasize the repression and the resistance during the dictatorship. By making use of metafictional techniques, they explicitly recreate that turbulent past from a present-day standpoint. Thus, two different timeframes coexist: the current times and Francoist Spain. This paper scrutinizes three of these novels (*O tempo en ningunha parte* (2003) by Xosé Manuel Martínez Oca, Xabier Quiroga’s *Era por setembro* (2004) and *Non hai noite tan longa* (2011) by Agustín Fernández Paz) with the two-fold purpose of analyzing the techniques used to write these narratives, and to delve into the convergences and divergences present in the recreation of Franco’s regime in contemporary Galician literature.

Keywords: memory, Galicia, novel.

Consideracións previas

A memoria da guerra civil e do franquismo tardou en ser obxecto de atención por parte dos escritores galegos, polo que salvando a excepción de *Non agardei por ninguén* de Ramón de Valenzuela, publicada no exilio en 1957 e en Galicia en 1989, teremos que agardar até a inmediata Transición á democracia para atopar dúas obras iniciais, que se moven entre o xénero da novela e o da autobiografía ou memoria novelada: *O silencio redimido* (1976) de Silvio Santiago e *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979) de Antón Alonso Ríos. Aínda que a presenza do tema na narrativa galega vai aumentar notabelmente desde mediados dos anos 80, con obras de referencia como *Os mortos daquel verán* (1987) de Carlos Casares ou *Agosto do 36* (1991) de Xosé Fernández Ferreiro, o verdadeiro punto de inflexión no tratamento do pasado recente produciríase a finais da década dos 90, como sinala acertadamente Dolores Vilavedra (2010), especialmente coa publicación d’*O lapis do carpinteiro* (1998) de Manuel Rivas. Coa chegada do século XXI, a literatura galega vese impulsada polo denominado “boom da memoria”¹, participando deste a través dunha produción cada vez maior de obras literarias sobre a guerra, a represión, o exilio ou a resistencia armada.

Pois ben, a medida que aumentan o número de novelas que tematizan ese pasado recente, prodúcese tamén (e aquí coincidimos de novo con Vilavedra (2015, p.8) un “progresivo giro hacia la plena ficcionalización del tema, en detrimento del modelo testimonial o pseudo-testimonial”, así como unha diversificación e evolución das fórmulas narrativas empregadas. Neste sentido, Hansen (2013) caracteriza a “novela actual da memoria”, aquela que a partir do ano 2000 se vén desenvolvendo en diálogo co movemento social de recuperación da memoria histórica no ámbito estatal, diferenciándoa da novelística anterior, entre outros trazos, polo emprego da trama detectivesca e pola tendencia a empregar a fórmula narrativa da novela histórica posmoderna, tamén chamada “metaficción historiográfica” (Hutcheon, 1989), consistente na división temporal da trama entre un pasado narrado e un presente desde o que se narra aquela historia, seguindo o patrón da chamada “nova novela histórica”, tal e como foi definida por Celia Fernández Prieto (2003). Segundo esta especialista, o uso deste e doutros procedementos metanarrativos tería

⁰ Este traballo forma parte dun proxecto máis amplo que se corresponde coa investigación da miña tese de doutoramento “A ficcionalización do franquismo na narrativa actual”, en realización na Universidade da Coruña e financiada grazas aos fondos do Programa de axudas á etapa predoutoral da Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).

¹ O coñecido como “boom da memoria” caracterizouse por un rexurdimento do tema do pasado traumático da guerra civil e da represión franquista na esfera político-social, así como pola aparición de grande cantidade de traballos historiográficos, libros e documentais, situando a recuperación da denominada “memoria histórica” no centro do debate público, onde permanece até a inmediata actualidade.

como obxectivo o cuestionamento da historiografía oficial e a eliminación dos límites entre a ficción e a realidade (Fernández Prieto, 2003, p. 159). No caso das novelas sobre a guerra e a ditadura é claro que, como sinala Ana Luengo (2012, p. 51), comparten coa historiografía actual “esa responsabilidade de deslegitimar la Historia escrita en España durante el franquismo”. Esta autora acuña o termo de “novela de confrontación histórica” para se referir a ese tipo de novelas que, segundo ela, antepoñen a confrontación histórica que propón o texto (a través desa dobre localización temporal) e que se caracterizan por “ofrecer un entendimiento del presente a partir del pasado y un replanteamiento de éste” (Luengo, 2012, p. 47).

É sobre este modo dialóxico de construción das novelas da memoria da guerra e do franquismo do que trataremos ao longo deste traballo, para vermos en que medida e de que xeito é empregada tal fórmula narrativa polos escritores galegos actuais e para podermos analizar as concorrencias, diverxencias e implicacións que se producen en torno a ela. Para isto, achegarémonos a tres novelas recentes que tematizan e rescatan desde a actualidade feitos ou sucesos ocorridos durante o franquismo e relacionados coa resistencia e a represión asociadas ao réxime ditatorial. Estas obras son *O tempo en ningunha parte* (2003) de Xosé Manuel Martínez Oca, da que nos ocuparemos máis en profundidade debido á súa complexa estrutura e trama, *Non hai noite tan longa* (2011) de Agustín Fernández Paz e *Era por setembro* (2004) de Xabier Quiroga. Téndose publicado todas elas a comezos do século XXI (2003, 2004 e 2011) e, por tanto, nun clima social favorábel ao diálogo sobre o pasado e á recuperación da memoria, e tratando as tres novelas, en liñas xerais, da resistencia, a represión e a opresión derivadas do franquismo, poderíamos entender, como punto de partida, que responden á motivación sinalada por Izquierdo (2001) para o fenómeno novelesco en que se materializa parte do movemento da memoria histórica: a necesidade da sociedade de (re)construír a memoria colectiva e coñecer una parte da nosa historia silenciada durante décadas polo bando dos vencedores. A seguir, tentaremos comprobar se se cumpre tal consideración.

***O tempo en ningunha parte* (2003) de Xosé Manuel Martínez Oca**

A obra de Martínez Oca constitúese nunha complexa estrutura con dous relatos paralelos que teñen cadanseu fío argumental e que se relacionan, se alternan e se entrelazan desenvolvendo unha trama repleta de acontecementos que imbrican pasado e presente. A novela comeza cun relato primario que nos sitúa nunha contemporaneidade que corresponde ao ano 1985 e a súa voz narradora é a dun anónimo técnico de minas que conta en primeira persoa a súa aventura desde que chega á vila ficticia de Portelo da Moura e comeza a investigar sobre un antigo veciño, exiliado en Bos Aires tras a guerra civil, Tomás Pazos. A indagación ocupará o resto da trama volvéndoa case detectivesca e verase frecuentemente dificultada pola loita contra a desmemoria voluntaria dos veciños da vila, que evitan falar do suxeito e de todo o que teña que ver con aqueles anos que seguiran ao de 1936. No entanto, o anónimo narrador protagonista decide comezar a escribir unha novela sobre o suxerente personaxe, en que conxugará datos reais que está a descubrir con moitos outros ficticios que están na memoria colectiva da resistencia antifranquista. Así se introduce o segundo relato da obra, a novela dentro da novela: a partir do capítulo dous, encontrámonos en subcapítulos alternos cun narrador omnisciente que desenvolve a historia de Tomás Pazos desde que este regresara do exilio á Galicia dos anos 50 e decidira reconstruír unha guerrilla antifranquista da que xa só quedaban os derradeiros resistentes.

A escasa información que o protagonista do relato primario vai descubrindo do pasado e da vida de Tomás Pazos débese ás breves conversas que mantén co vello impresor da vila, co neto (e digno sucesor) do antigo cacique da zona, co cura Baldomero e con Rosa, a que fora moza de Pazos. Ademais, desde que estes dous últimos personaxes son presentados, vanse intercalar tamén na novela partes de monólogo interior de ambos, que achegan ao lector información que contradí a que ese relato secundario nos está

a presentar. No desenlace, o narrador protagonista descobre que, en realidade, Tomás Pazos segue vivo, sobrevivira á persecución a que fora sometido desde o seu regreso do exilio e a un fusilamento no que todos aseguraban que morrera. Porén, a súa memoria propia hai tempo que foi borrada pola enfermidade do alzhéimer.

O carácter hipertextual da novela e a presentación de dous tempos en constante diálogo logran como resultado unha complexa estrutura que non se pode sintetizar no feito de mostrar un pasado narrado e un presente do que se narra, a esencia da “nova novela histórica”. O uso da metaficción (trazo definitorio da nova novela histórica, segundo Fernández Prieto (2003) constitúe o eixo formal e temático da obra, mais cómpre analizarmos máis minuciosamente aínda a estrutura interna e a súa importancia no desenvolvemento da trama para destacarmos algúns aspectos clave. O primeiro nivel narrativo presenta xa, desde o comezo, un diálogo entre dous planos temporais a través da investigación do narrador protagonista desde a actualidade do ano 1985 da vida de Tomás Pazos no pasado da posguerra. Estes dous planos (o dos anos 50 e o dos 80) manteranse ao longo da obra e será a través do xogo entre eles que se desenvolverá a narración dese relato primario e que xorde, á súa vez, o relato secundario. Coa introdución na diéxese dun segundo nivel narrativo, que poderíamos denominar hipo ou metadiexético e que corresponde á historia de Tomás Pazos nos anos 50 ao regreso do exilio, o narrador homo e intradiexético do primeiro nivel convértese aquí en responsábel dun relato no que actúa como narrador hipo e extradiexético. A partir de aí, por tanto, os dous discursos desenvólvense paralelos, alternándose, coa particularidade de que comparten o narratario e de que algúns dos personaxes que dialogan co narrador protagonista na diéxese principal (como o cura Baldomero, o impresor R. Couceiro ou Rosa), aparecen tamén como personaxes da novela intercalada, pois tiveron algún tipo de papel na vida de Pazos. Como dicíamos, a miúdo as declaracións destas personaxes nas conversas co técnico de minas chegado ao Portelo da Moura contradín o que se narra sobre elas no relato metadiexético, onde a ficción do relato primario é manipulada e ficcionalizada nun segundo nivel.

Alén do anterior, debemos comentar aínda unha complexa particularidade máis que xa foi apuntada: a presenza doutras dúas voces narradoras na novela a partir do capítulo 3, a de Rosa e a do cura, que aportan dúas novas perspectivas á historia. Estas subpartes intercaladas por Martínez Oca corresponden a profundas reflexións en forma de monólogos interiores destas personaxes que están a actuar nos dous niveis da diéxese xa explicados e cuxos testemuños son clave para entendelos, pois trasladan ao lector a súa propia visión da historia de Tomás Pazos, o personaxe sobre o que se está a investigar, e descubren episodios e aspectos que contrastan coa versión ficcionalizada da vida deste que se dá no relato metadiexético. No entanto, o lector debe ter en conta que se trata de dúas visións condicionadas polo que representan ambas personaxes na historia: se Rosa é a fiel namorada e defensora de Tomás, do cura sabemos que estivera vinculado co Movimiento Nacional e nos seus monólogos defende os abusos da represión franquista e deixa claro que nunca axudará a desenterrar o que el chama “vellas historias”.

Con todo, tentando xa dilucidar o obxectivo e función desta complexa estrutura narrativa e dos seus compoñentes, semella que o que procura a novela intercalada, o relato metadiexético, é evidenciar o modo en que se pode ficcionalizar, desde a actualidade, a historia dunha personaxe histórica (aínda que este Tomás Pazos só exista no mundo posíbel da obra e non na realidade empírica) para convertelo nun heroe da resistencia antifranquista ante un lector a quen lle foi negado o coñecemento dun pasado non tan afastado ao que agora accede a través da creación literaria². Aínda que constantemente se alude ao

papel privilexiado da literatura da memoria para recoñecer o sufrimento das vítimas e preservar as súas experiencias ante o silencio e o esquecemento imperantes, o que fai Martínez Oca no fondo é pór en escena os problemas de tal exercicio, é dicir, explicitar ante o lector o proceso desa escritura vinculada á recuperación da memoria histórica para cuestionar o seu papel e reflexionar sobre el; intención que se ve reforzada pola evidente e intencionada distorsión que se fai no relato metadiexético da historia do relato primario. No fondo, hai un claro propósito de problematizar o contido e a forma dos relatos sobre o pasado recente e de autoreflexionar sobre as prácticas de representación deste, como xa foi apuntado por Liikanen (2015) para o caso de obras españolas como *El vano ayer* (2004) ou *Otra maldita novela sobre la guerra civil* (2007), de Isaac Rosa.

Non hai noite tan longa (2011) de Agustín Fernández Paz

O argumento de *Non hai noite tan longa*³ xira en torno á investigación persoal do narrador protagonista, Gabriel, un home de cincuenta anos que se ve obrigado a voltar á súa vila natal en Galicia para o enterro da súa nai e, en consecuencia, a se enfrontar co seu pasado familiar. O desencadeante da trama, situada no ano 2002, é a aparición da pantasma do pai reclamando ao fillo a atención que leva trinta anos agardando, o que fai que Gabriel comece a recordar (traendo ao presente o pasado) os motivos polos que o defunto fora encarcerado no ano 69, acusado dunha violación que non cometera nun proceso que causou a súa morte en 1972. Tras tomar consciencia da inxustiza familiar sufrida e sentindo que ten unha débeda co pasado, o protagonista decide investigar a verdade e vingar a morte do pai. Coa axuda da súa irmá Elsa, coa que comparte a memoria familiar, e grazas ás preguntas da súa sobriña Milena, desexosa de coñecer a historia, o lector vai descubrindo como foi o suceso da violación, como o acusado confesou a súa culpabilidade ante as torturas da garda civil e como a acusación do inocente estaba motivada polo pasado republicano da familia. Finalmente, Gabriel consegue dar co verdadeiro culpábel daqueles sucesos (un adolescente de boa familia naquela altura que hoxe goza dun posto de prestixio nun banco da Coruña) e, tras gravar a súa declaración, remite a información á prensa para consumir a vinganza.

Fernández Paz, o escritor máis prolífico da literatura galega infantil e xuvenil, presenta nesta novela dirixida especificamente ao público adulto unha dura crítica sobre a sociedade dos derradeiros anos da ditadura, caracterizada pola inxustiza, a corrupción e unha represión que non cesa. *Non hai noite tan longa* mostra como o pasado da guerra civil e a distinción social entre vencedores e vencidos imposta polo franquismo segue a condicionar, moitos anos despois e co consentimento de grande parte da poboación, as vidas das familias antifranquistas, sendo estas o obxectivo prioritario dunha inxustificada violencia. A crítica esténdese até a actualidade do século XXI, mostrando que ese pasado segue moi presente e que aínda quedan moitas vítimas da ditadura sen reparar. Destacar a importancia da recuperación da memoria para restaurar a dignidade das vítimas da represión franquista semella, por tanto, o propósito final da novela, tal e como reflicten as derradeiras palabras do narrador, que di:

² Referímonos á amnesia colectiva que até fai pouco rodeou en Galicia, e en España, ás vítimas republicanas da guerra, a represión franquista ou o exilio, lexitimada polo chamado “pacto de silencio” da Transición (Faber, 2004).

³ Premio Redelibros ao mellor libro de ficción do 2011; Premio Fervenzas Literarias ao mellor libro de narrativa de 2011; Premio Irmandade do Libro ao mellor libro galego do ano 2011, da Federación de Libreiros de Galicia; Premio Ánxel Casal ao mellor libro de ficción do ano 2011, da Asociación Galega de Editores (AGE) e Premio Losada Diéguez de creación literaria do ano 2012.

Non podía esquecer a memoria de tantos mortos que me precederan e cumpriran o papel necesario para que o azar me permitise vivir [...]. Conseguira abrir a ferida mal curada, botar fóra todo o pus acumulado en tantos anos, airear a miseria que encerraba. Ficaba xa limpa, como a memoria do meu pai.

Fernández Paz, 2011, p. 260

Como xa mencionamos, o regreso do protagonista á vila natal, e o reencontro co propio pasado que isto supón, motiva a existencia de dous eixos temporais continuamente interrelacionados dentro da historia: o de comezos dos anos setenta e o do 2002. Porén, isto non provoca a presenza de dous niveis diexéticos nin a alternancia de planos temporais no discurso, pois a recuperación do pasado tardofranquista prodúcese no relato primario, a través do único narrador intradiexético e dos diálogos en estilo directo que se intercalan, especialmente dos producidos entre o protagonista e a súa sobriña, representante dunha nova xeración que mira ao pasado para construír o seu futuro. Neste sentido, a memoria (traumática, na maioría dos casos) xoga un papel fundamental como recurso para descubrir os sucesos pretéritos, como vemos ao longo da investigación da condena do pai, resolta grazas ás testemuñas da época, aínda vivas.

Cómpre anotarmos, alén diso, que no fondo da historia ecoa tamén o pasado traumático do final da república e a guerra civil, que se manifesta coas múltiples referencias dos personaxes á época e que, como xa indicamos, segue a condicionalos moitos anos despois. Así llo explica ao protagonista a súa irmá Elsa no capítulo sexto (Fernández Paz, 2011, p. 64): “Non o crerás, Gabriel, pero aínda hoxe quedan restos desa mala sona, coma os da familia do papá fosen xente ruín, cando o único que pasaba era que naquela casa había unha tradición de seren anarquistas e republicanos”. Elsa e Gabriel recuperan, de novo ante os ollos de Milena, a memoria familiar reprimida: a do avó anarquista que participara na creación do Ateneo cultural da vila, a da avoa mestra durante a República, e que o franquismo apartara do seu posto, ou a do tío Herminio, que fuxira a Francia tras a derrota na guerra civil e estivera confinado no campo de refuxiados de Argéles-sur-Mer. Deste xeito, os personaxes de Fernández Paz non só dialogan, desde o presente, co pasado próximo do tardofranquismo, senón que este decide que vaian un paso máis aló e procuren a orixe nuns feitos que lles resultan bastante máis afastados, os que rodearon o golpe de estado de 1936.

Era por setembro (2004) de Xavier Quiroga

De estrutura máis simple é a novela breve de Xavier Quiroga, cuxo argumento se conforma arredor dos recordos da narradora e protagonista, Aldara, desde o presente do ano 2004. Trátase da recente ministra do goberno de esquerdas que regresa á súa vila natal en Galicia para asistir tamén ao enterro da súa nai, ao tempo que emprende unha viaxe interior ao seu pasado, rememorando o que tiña sucedido alí trinta anos atrás, cando fuxira afogada pola inxustiza e opresión do mundo en que vivía. A través do recordo da súa protagonista, o lector trasládase ao ano 1974 para coñecer os motivos de tal fuxida: a historia dun intelectual perseguido polo réxime que fora o gran amor da nai de Aldara e que reaparece na vida da familia converténdose nunha especie de guía da adolescente protagonista, quen comeza a tomar consciencia do estancamento e falta de liberdade daquela sociedade, onde semella non ter mudado nada desde o comezo do franquismo. A novela remata coa chegada da protagonista á mesma estación de tren da que partira fuxindo no pasado.

Neste caso, atopámonos cun pasado evocado desde o presente no interior da propia diéxese, provocando

unha estrutura dialóxica de dous planos temporais (o do 2004 e o do 1974) que se mantén até o final da obra. Toda a novela se organiza en torno á viaxe en tren, de modo que o tempo do discurso corresponde á duración desa viaxe que emprende a protagonista a Galicia e que se converte, de forma metafórica, nunha viaxe ás súas orixes e ao pasado persoal, familiar e, á vez, colectivo. Así, desde o plano actual prodúcese, a través do recordo de Aldara, unha analepse que nos leva ao outro plano temporal, o do pasado recente de 1974. No entanto, a diferenza e como contrapunto das anteriores novelas, aquí non hai practicamente acción (aínda que si reflexións) no plano presente, que funciona apenas como marco da narración dos sucesos pasados que constitúen o relato metadiexético. Cómpre apuntarmos que tales sucesos están focalizados na súa totalidade pola memoria da protagonista, que actúa como narradora intradiexética dos mesmos, de modo que todo a novela se converte nun discurso da memoria de Aldara. A alternancia de tempos verbais (presente e pasado) por parte da voz narrativa axudan ao lector a diferenciar rapidamente o recordo da reflexión, é dicir, a narración do pasado e a análise de Aldara sobre este, que se produce desde o presente do tren.

Consideracións finais

Como puidemos comprobar a través desta breve aproximación a cada unha das novelas, o modelo de “confrontación histórica” tense convertido nun procedemento rendíbel e efectivo na última ficción galega da memoria. Aínda que o emprego de tal fórmula narrativa por parte dos escritores non ten sempre o mesmo peso na obra, é evidente que condiciona a estrutura e a trama en todos os casos. Resulta destacábel, ademais, que nas tres noveles converxe un condicionante externo que provoca a recuperación do pasado e, tamén nas tres, esta viaxe ao pasado vai unida a unha viaxe xeográfica da personaxe protagonista. No caso dos relatos de Agustín Fernández Paz e de Xabier Quiroga, esta viaxe desencadeante da trama ten evidentes reminiscencias homéricas, pois consiste nun regreso forzado á vila natal polo falecemento da nai, é dicir, ao lugar de orixe de onde os protagonistas, como Ulises, fuxiran no pasado. Os motivos desa fuxida, que en ambos casos teñen que ver coa opresión social que caracterizaba aqueles derradeiros anos do franquismo en Galicia, son os que agora se retoman no centro da trama, á vez que se provoca unha reflexión da personaxe principal sobre estes.

Aínda que as tres obras parten dun plano temporal actual (que se sitúa na contemporaneidade do 2002 e do 2004 nas obras de Fernández Paz e de Quiroga e na do ano 1985 na obra de Martínez Oca) e que se confronta cun pasado localizado nos anos do franquismo (un pasado que no caso de *Non hai noite tan longa* se sitúa a finais dos anos sesenta, en *O tempo en ningunha parte* nos anos cincuenta e en *Era por setembro* no ano 74), hai un par de diferenzas fundamentais entre esta última novela e as dúas anteriores que merecen ser destacadas, desde o meu punto de vista. A primeira refírese ao mecanismo que funciona como motor da recuperación do pasado: mentres que nas dúas primeiras novelas se restaura a memoria dunha vítima do franquismo a través dunha investigación de estilo detectivesco emprendida polos narradores protagonistas, o cal se ten convertido nun recurso habitual na novela da memoria (Hansen, 2013; Izquierdo, 2012)⁴, en *Era por setembro* o modo de acceso ao pasado é simplemente, como xa sinalamos, o recordo, que, ademais, provoca a recuperación dunha memoria persoal en primeira instancia. A grandes trazos, tal diferenza viría a corresponderse parcialmente cos tipos de trama que Fernández Prieto (2006)

⁴ Segundo sinala José María Izquierdo (2012, p. 7), “las tramas de muchas de estas novelas se fundamentan en la búsqueda –a veces casi detectivesca– de datos sobre los que fundamentar el relato; en realidad esa búsqueda es la protagonista, constituye en sí misma la estructura del relato”.

ten distinguido na novela contemporánea española de acordo coas formas de representación da guerra civil e a posguerra empregadas: a trama de busca ou investigación e a trama mimética.

A segunda diferenza que presenta o relato de Xabier Quiroga a respecto dos outros dous analizados ten que ver coa influencia do pasado no presente. Se ben este é un trazo común das tres historias, o certo é que en *Era por setembro* tal influencia só se produce no plano persoal da protagonista, mentres que tanto a obra de Fernández Paz como a de Martínez Oca mostran unha sociedade actual excesivamente condicionada polo pasado franquista e pola herdanza dos peores aspectos daquela época. Neste sentido, *O tempo en ningunha parte* reflicte un mundo atrasado e amnésico, que no ano 85 segue aínda ancorado na opresión do franquismo. As reticencias das personaxes para falar do pasado contrastan co interese investigador do protagonista, simbolizando o conflito da sociedade actual entre a necesidade de saber e o desexo de esquecer, o que Jelin (2002) ten denominado “conflito de memorias”. A herdanza franquista, pola súa parte, está representada aquí polo feito de que a sociedade continúe a ser dirixida polos mesmos poderes que no pasado: neste caso o axente represor da vila é Maxi Barral, o neto do antigo cacique, ao que o narrador dedica estas palabras finais da obra: “Maxi Barral, o máis conspicuo expoñente daquela caste que accedera ó poder en mil novecentos trinteseis e que, na vila, como en tantos outros sitios, aínda continuaba a mantelo” (Martínez Oca, 2003, p. 261). A novela de Fernández Paz presenta unha crítica similar, a través da condena daqueles franquistas que mantiveron, e manteñen a día de hoxe, os privilexios que o réxime lles permitía. No entanto, a diferenza da anterior, esta lanza unha mensaxe de confianza no futuro, representado na figura da sobriña Milena, e que se reflicte no propio título a través dunha frase extraída do *Macbeth* shakesperiano: “*Non hai noite tan longa* que non remate en día”.

Aínda que o espazo de que dispoñemos non nos permite afondar máis, cremos que a aproximación feita ás tres obras permite concederlles a consideración, seguindo a terminoloxía de Luengo (2012), de “novelas de confrontación histórica”. Neste sentido, o afirmado por Thompson (2009, p.198) na súa obra *As novelas da memoria* sería totalmente aplicábel ao noso corpus de análise: “As novelas que establecen un vencello narrativo entre o tempo presente do lector e as realidades históricas poden ser especialmente efectivas para reelaborar a memoria [...]. Os vencellos que crean as novelas entre a historia e o momento actual do lector poñen ao descuberto a relación causa/efecto entre o pasado e o presente”. Como vimos, as novelas galegas da memoria do século XXI procuran, a través do uso dese modelo de confrontación histórica, ir máis alá da función de recuperación de memorias silenciadas que lles ten sido atribuída, conseguindo pór ao descuberto e cuestionar a relación causa/efecto entre o pasado e o presente, reflexionando sobre iso e sobre as propias representacións do pasado na actualidade.

Bibliografía

- Faber, S. (2004). Entre el respeto y la crítica. Reflexiones sobre la memoria histórica en España. *Migraciones & Exilios*, 5, pp. 37-50.
- Fernández Paz, A. (2011). *Non hai noite tan longa*. Vigo: Xerais.
- Fernández Prieto, C. (2003). *Historia y novela: poética de la novela histórica*. Pamplona: EUNSA.
- Fernández Prieto, C. (2006). Formas de representación de la guerra civil en la novela contemporánea española (1990-2005). En *Guerra y Literatura* (pp. 41-56). Puerto de Santa María: Fundación Luis Goytisolo.
- Hansen, H. L. (2013). El cronotopo del pasado presente. La relación entre ficcionalización literaria y lugares de reconocimiento en la novela española actual de memoria. En Cruz Suárez, J. C. e González Martín, D. (Eds.), *La memoria novelada II. Ficcionalización, documentalismo y lugares de memoria en la narrativa memorialista española* (pp. 23-41). Berna: Peter Lang.
- Hutcheon, L. (1989). *A Poetics of Postmodernism: History, Theory, Fiction*. New York: Routledge.
- Izquierdo, J. M. (2001). Memoria y literatura en la narrativa contemporánea española. *Anales*, 3-4, pp. 101-128.
- Izquierdo, J. M. (2012). La narrativa del nieto del derrotado. Últimas novelas sobre la guerra civil española. En *IV Congreso nacional: Un ciclo con la reforma educativa "Kunnskapsløftet". ¿Nuevas perspectivas para el español?* (pp. 1-18). Kristiansand.
- Jelin, E. (2002). *Los trabajos de la memoria*. Madrid: Siglo XXI.
- Liikanen, E. (2015). *El papel de la literatura en la construcción de la memoria cultural: Tres modos de representar la Guerra Civil española y el franquismo en la novela española actual* (Tesis de doctorado). Universidade de Santiago de Compostela.
- Luengo, A. (2012). *La encrucijada de la memoria. La memoria colectiva de la Guerra Civil Española en la novela contemporánea*. Berlín: Tranvía.
- Martínez Oca, X. M. (2003). *O tempo en ningunha parte*. A Coruña: Espiral Maior.
- Quiroga, X. (2004). *Era por setembro*. Vigo: Xerais.
- Thompson, J. (2009). *As novelas da memoria. Trauma e representación da historia na Galiza contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- Vilavedra, D. (2010). *A narrativa galega na fin de século*. Vigo: Galaxia.
- Vilavedra, D. (2015). Literatura en el espacio público. Rivas y su obra: un punto de inflexión en la recuperación de la memoria histórica. *Olivar*, 16 (24), pp. 1-17.